

EMPREGO, POBOACIÓN, INDUSTRIA E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO EN EUROPA: ANÁLISE COMPARATIVA DE ESPAÑA, ALEMAÑA, FRANCIA, ITALIA E GRAN BRETAÑA EN 1960-2010 E PERSPECTIVAS PARA 2011-2020

MARÍA CARMEN GUISÁN SEIJAS
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 1 de xuño de 2011

Aceptado: 14 de xullo de 2011

Resumo: Esta análise comparativa do emprego e do desenvolvemento económico de España con Alemaña, Francia, Italia e Gran Bretaña ten por obxecto analizar as causas que explican os menores niveis de renda real, salarios e taxas de emprego en España en comparación cos ditos países, e recomendar as políticas económicas que poden ter un impacto máis favorable para diminuír a elevada taxa de paro de España e avanzar no proceso de converxencia real cara aos niveis de desenvolvemento económico e social deses países. Desde a nosa perspectiva, o intento experimentado en España no período 2000-2007 de impulsar o desenvolvemento da construción e dos servizos sen un suficiente desenvolvemento da base industrial ocasionou, entre outros desequilibrios, un incremento importante do déficit da balanza comercial co exterior e un grao de endebedamento exterior dificilmente sostible. Analizamos as perspectivas de desenvolvemento económico e emprego de España no período 2011-2020 defendendo un enfoque de desenvolvemento activo fronte ás políticas pasivas de axuste. Un certo grao de axuste é necesario, pero será insuficiente se non vai acompañado de políticas de desenvolvemento que teñan en conta o impacto positivo da industria sobre o crecemento e o emprego nos sectores da construción e dos servizos. Tamén analizamos a evolución do emprego e do desenvolvemento económico de España e das principais economías europeas en comparación con Estados Unidos.

Palabras clave: Emprego / Poboación / Industria / Desenvolvemento económico / España / Europa / Estados Unidos.

EMPLOYMENT, POPULATION, INDUSTRY AND ECONOMIC DEVELOPMENT IN EUROPE: A COMPARATIVE ANALYSIS OF SPAIN WITH GERMANY, FRANCE, ITALY AND GREAT BRITAIN FOR 1960-2010 AND PERSPECTIVES FOR 2011-2020

Abstract: This comparative analysis of employment and economic development of Spain with Germany, France, Italy and Britain is addressed to analyze the causes that explain the lower levels of real income, wages and employment rates in Spain in comparison with those countries, and recommend economic policies that can be more favourable to reduce the high unemployment rate in Spain and advance real convergence towards the levels of economic and social development of more developed countries. In our view the attempt experienced in Spain in the period 2000-2007, to promote the development of construction and services without sufficient development of the industrial base, has resulted, among other imbalances, in a significant increase in foreign trade balance deficit and in external debt level difficult to sustain. We analyze the prospects for economic development and employment in Spain for 2011-2020 defending a positive development approach versus passive policies of adjustment. A certain degree of adjustment is necessary but will be insufficient if not accompanied by active development policies that take into account the positive impact of industry on growth and employment in construction and services sectors. We also analyze the evolution of employment and economic development of Spain and major European economies compared with the United States.

Keywords: Employment / Population / Industry / Economic development / Spain / Europe / United States.

1. INTRODUCCIÓN

A economía española enfrontábase a importantes retos para adaptar a súa capacidade produtiva ao importante incremento de poboación experimentado no período 1995-2010, co obxecto de lograr unha diminución importante da taxa de paro compatible cun incremento da produtividade e do salario real medio percibido polos traballadores.

É importante que as políticas económicas dos próximos anos teñan en conta unha visión completa das interrelacións sectoriais –nas que a industria e o comercio exterior teñen un gran protagonismo– para lograr un desenvolvemento sostible, así como a mellora na taxa de emprego e salario real.

A saída da crise económica do período 2007-2010 non só depende –nin principalmente– de políticas de axuste e aforro nos sectores público e privado, senón –e sobre todo– de impulsar o desenvolvemento industrial e de diminuír o déficit da balanza comercial, co obxecto de permitir un desenvolvemento sostible do emprego e das rendas doutros sectores produtivos.

Interesantes estudos económicos españois e internacionais xa incidiron nestes temas durante as dúas últimas décadas, pero hai que lamentar que non exista en xeral unha comunicación fluída entre os espazos da investigación económica e os ámbitos onde se adoptan as decisións de política económica. No anexo de Guisán (2011) analízanse algunhas cuestións de gran relevancia neste sentido, tendentes a impulsar o debate cualificado nos ámbitos oportunos e a darlles máis protagonismo aos órganos encargados do asesoramento económico.

O artigo estrutúrase da seguinte maneira. Na sección 2 analizamos a evolución do emprego, da poboación e dalgúns indicadores de desenvolvemento económico en España, Alemaña, Francia, Italia e Gran Bretaña, así como comparacións entre este conxunto dos catro países de maior peso económico na Unión Europea (UE4) e os Estados Unidos (EE.UU.). Así mesmo, comentamos os principais problemas que presenta España en comparación cos outros países do estudo. Na sección 3 analizamos a evolución do desenvolvemento industrial e do comercio exterior, destacando a importancia que ten impulsar a produción industrial por habitante de España para lograr un desenvolvemento sostible do comercio exterior e da produción dos sectores da construción e dos servizos, co obxecto de impulsar a converxencia, en taxas de emprego e niveis de salario real, con outros países máis avanzados. Na sección 4 comentamos as perspectivas de poboación e emprego de España en comparación coa UE4 baixo a hipótese de estabilidade no peso poboacional de España con respecto a este conxunto de países europeos.


2. EMPREGO, POBOACIÓN E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO EN CINCO PAÍSES DA UE E EN EE.UU. NO PERÍODO 1960-2010

A gráfica 1 presenta a evolución da taxa de crecemento da poboación de España en comparación co conxunto da UE4 –Alemaña, España, Francia, Italia e Gran Bretaña– e con EE.UU.

Observamos unha evolución moderada e suave do crecemento demográfico na UE4 e unha evolución suave pero máis elevada no caso de EE.UU., que é lóxica dada a súa menor densidade de poboación por km² en comparación coa Unión Europea. Polo que respecta ao conxunto mundial, obsérvase unha diminución na taxa de crecemento da poboación, malia que esta aínda se mantíña a uns niveis bastante elevados no ano 2010.

Polo que respecta a España, observamos uns niveis relativamente altos de crecemento demográfico no período 1964-1980, próximos aos de EE.UU., aínda sendo España un país cunha densidade de poboación máis elevada que a de Estados Unidos. No período 1981-1995 observamos unha transición demográfica de España, que evoluciona desde taxas similares ás de EE.UU. á taxa máis suave do conxunto da UE4. Finalmente, a partir do ano 1996 observamos un cambio brusco na evolución demográfica de España, que presenta elevadísimas taxas de crecemento demográfico en varios anos, mesmo moi por riba da media mundial, como consecuencia dun incremento rápido e intenso da inmigración.

Gráfica 1.- Taxa anual de crecemento da poboación: España, UE4, EE.UU. e mundo



NOTA: O conxunto UE4 está formado por Alemaña, Francia, Italia e Gran Bretaña.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da OECD: *Labour Force Statistics* do ano 2011 e de anos anteriores.

A xénese deste cambio brusco de política inmigratoria en España parece atoparse nun diagnóstico equivocado –na nosa opinión– que se levou a cabo nalgúns ámbitos de poder político e económico para tratar de financiar as pensións públicas de xubilación, e que alcanzou un grao de consenso elevado, segundo parece, nos principais partidos políticos. Os seguidores deste diagnóstico pensaron que un crecemento pouco sostible, de emprego de baixa cualificación nos sectores da construción e dos servizos, podía aumentar a base recadatoria da Seguridade Social e contribuir a unha maior capacidade do pagamento das pensións.


Son dous erros os principais dese enfoque piramidal:

- 1) Non tiveron en conta que esa ampliación dos sectores da construción e dos servizos non tería sostibilidade, como demostraron os feitos, se non ía acompañada dun incremento suficiente do desenvolvemento industrial.
- 2) Non tiveron en conta que un proceso piramidal como o que iniciaban requiriría posteriores crecementos demográficos para atender os incrementos das prestacións da Seguridade Social que xeraba, de forma que se produciría unha quebra cando o proceso piramidal non puidera continuar.

Penso que non houbo un debate económico suficiente sobre este tema, nin canles para que cualificados economistas puideran facer valer os seus argumentos a favor dunha evolución demográfica máis suave e sostible, baseada no desenvolvemento industrial e nos adecuados equilibrios intersectoriais, e que permitise unha converxencia real da economía española coa renda real *per capita* e coa taxa de emprego de economías máis avanzadas.

A gráfica 2 mostra o cociente entre os datos de España e os do conxunto UE4 para tres variables: poboación, emprego e Produto Interior Bruto (PIB). É clara a falta de sostibilidade dunha política de incremento da ratio de emprego de España cando non se producía un incremento similar da ratio de produción.

Gráfica 2.- Evolución do cociente de poboación, emprego e PIB de España respecto da UE4



NOTA: O conxunto UE4 está formado por Alemaña, Francia, Italia e Gran Bretaña.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da OECD: *Labour Force Statistics* do ano 2011 e de anos anteriores.

As alternativas no ano 2011 para lograr unha relación máis equilibrada de España en comparación coa UE4 son fundamentalmente dúas, ou unha combinación de ambas as dúas: 1) lograr un incremento importante da ratio do PIB; ou 2) diminuír gradualmente a ratio do emprego achegándoo nalgunha medida á ratio do PIB. A

primeira destas alternativas é a máis interesante e require un maior protagonismo dos economistas expertos nestes temas, sen marxinar aos investigadores económicos universitarios, e unha mellora substancial das canles de comunicación entre investigadores económicos, medios de comunicación, organismos asesores e ámbitos de decisión das políticas económicas. No caso da segunda opción, sería precisa unha adaptación razoable da inmigración á capacidade de creación de emprego sostible da economía española.

As consecuencias negativas destes desequilibrios da economía española en comparación con outras economías máis avanzadas foron unha falta de avance na converxencia cara aos niveis de desenvolvemento económico deses países, un incremento elevado da taxa de paro e un aumento do déficit público que levou a medidas –rexeitadas por amplos sectores cidadáns– como son a diminución de salarios de traballadores eficientes no sector público e a conxelación das pensións de xubilación.

A táboa 1 mostra a posición relativa de España en comparación cos países da UE4 e con EE.UU. en relación coas seguintes variables: poboación, emprego, PIB e consumo total dos cidadáns –incluíndo o consumo privado e o consumo de bens públicos tanto individuais como colectivos–.

Táboa 1.- Posición relativa de España en comparación coa UE4 e con EE.UU.

ANO	COCIENTE ENTRE OS VALORES DE ESPAÑA E DA UE4				COCIENTE ENTRE OS VALORES DE ESPAÑA E DE EE.UU.			
	Poboación	Emprego	PIB	Consumo	Poboación	Emprego	PIB	Consumo
1960	0,1384	0,1162	0,0611	0,0636	0,1693	0,1754	0,0394	0,0367
1975	0,1461	0,1224	0,0922	0,0879	0,1644	0,1422	0,0634	0,0566
1985	0,1561	0,1063	0,0864	0,0825	0,1611	0,1016	0,0567	0,0503
1995	0,1547	0,1140	0,0930	0,0921	0,1476	0,0986	0,0596	0,0547
2003	0,1647	0,1466	0,1066	0,0989	0,1468	0,1189	0,0617	0,0536
2007	0,1730	0,1659	0,1131	0,1081	0,1510	0,1373	0,0628	0,0551
2010	0,1766	0,1492	0,1122	0,1052	0,1513	0,1303	0,0605	0,0526

En comparación co conxunto da UE4, observamos que España necesitaría incrementar nun 57% o seu PIB, nun 66% o seu nivel de consumo e nun 18% o seu nivel de emprego para alcanzar unha converxencia co seu peso poboacional que equivale ao 17,66% do conxunto das catro principais economías europeas.

Para alcanzar unha converxencia cos niveis medios de Estados Unidos en produción, emprego e consumo *per capita*, España necesitaría incrementar nun 16% o seu nivel de emprego, nun 150% o seu PIB e nun 188% o seu nivel de consumo.


No período 1960-1975 o peso do PIB de España aumentou substancialmente en comparación coa UE4. Nese período pasou do 6,11% ao 9,22% do conxunto dos catro principais países europeos. No ano 1985 tiña un peso moi similar ao do ano 1975, e aumentou ata alcanzar o 11,31% no ano 2007, descendendo no período 2007-2010 ata o 11,22%. Esta porcentaxe do PIB de España en comparación cos catro principais países da Unión Europea é baixa para un país cuxa poboación supón un 17,66% da poboación do conxunto da UE4.

En comparación con Estados Unidos o peso do PIB de España tamén aumentou de forma substancial no período 1960-1975, pasando do 3,94% ao 6,34%, estancándose posteriormente e situándose no 6,05% no ano 2010. Esta porcentaxe do PIB de España en comparación con Estados Unidos é moi baixa para un país cuxa poboación supón o 15,10% da poboación de EE.UU.

As principais diferenzas que explican a discrepancia entre as porcentaxes de poboación e de PIB de España en comparación cos outros países deste estudo son principalmente dúas: 1) o baixo nivel de produción industrial por habitante de España; e 2) as políticas económicas españolas tendentes a abordar o problema do incremento de pensións pola vía piramidal, é dicir, mediante a expansión do número de cotizantes á Seguridade Social nos sectores da construción e dos servizos, sen ter en conta de forma suficiente a sostibilidade desta política ao non estar apoiada polo desenvolvemento industrial.

A gráfica 3 mostra a evolución da taxa de paro en comparación co conxunto dos catro países de maior produción da UE –Alemaña, Francia, Gran Bretaña e Italia– e con Estados Unidos.

Gráfica 3.- Taxa de paro en España, na UE4 e en EE.UU. (1960-2010)



NOTA: A taxa de paro é a porcentaxe de parados con respecto á poboación activa.

FONTE: Guisán, Expósito e Aguayo (2011) con base na OCDE: *Labour Force Statistics*.

Esta gráfica mostra que a evolución da taxa de paro en España foi moito máis brusca ca no conxunto das catro economías principais da Unión Europea (UE4), e isto tivo consecuencias moi negativas non só para os parados, senón tamén para o conxunto da sociedade. É importante que en España se escoite aos bos asesores económicos, que os hai, sen dúbida, en todos os grupos políticos e na maioría das institucións, e que se deseñen políticas de desenvolvemento sostibles, as cales deben ter en conta, entre outras cuestións, a importancia do desenvolvemento industrial, do capital humano e do capital social.

3. DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL E PIB PER CAPITA NO PERÍODO 1993-2010

3.1. INDUSTRIA E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO EN ESPAÑA EN COMPARACIÓN CON OUTROS PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA

A táboa 2 presenta a evolución do Produto Interior Bruto (PIB) por habitante de España en comparación cos valores alcanzados en Italia, Francia, Alemaña e Gran Bretaña. A columna de valor potencial de España indica o valor que tería se non cambiara a tendencia demográfica de crecemento moderado da poboación desde o ano 1992, e se os investimentos se destinaran a incrementar a produción industrial e o desenvolvemento moderado e sostible da construción e dos servizos, en vez de ter impulsado un incremento brusco da construción e dos servizos sen base industrial.

Táboa 2.- PIB real por habitante de España, Italia, Francia, Alemaña e Gran Bretaña (1993-2010)

ANO	ESPAÑA VALOR OBSERVADO	ESPAÑA VALOR POTENCIAL	ITALIA	FRANCIA	ALEMAÑA	GRAN BRETAÑA
1993	11.524	11.557	16.286	18.681	20.238	20.123
2003	14.918	16.318	19.524	23.112	22.845	26.685
2007	16.107	18.811	20.169	24.459	24.694	29.024
2010	15.149	18.240	18.699	23.850	24.751	27.708

NOTA: Datos observados no período 1993-2010 e dato potencial de España no caso de ter seguido políticas de crecemento moderado da poboación e de impulso ao desenvolvemento industrial.
Valores en dólares a prezos e tipos de cambio do ano 2000.

FONTE: Elaboración propia con base nos datos da OECD.


A gráfica 4 mostra a evolución da taxa de paro de España (Es) comparada co seu valor potencial no caso de ter seguido políticas económicas de converxencia real coa UE4 (Es*) e coa correspondente ao conxunto da UE4 –Alemaña, Francia, Gran Bretaña e Italia–.

Así, se adoptasen políticas económicas de desenvolvemento sostible con base industrial, a taxa de paro actual sería moito máis moderada e similar á do conxunto da UE4, e a renda real por habitante tería sido un 20% superior no ano 2010; e, ademais, a crise financeira do período 2008-2010 sería moito máis suave, xa que os déficits do sector público e da balanza comercial serían moito menores que os experimentados neses anos.

A gráfica 5 mostra a evolución do Valor Engadido Bruto (VEB) real por habitante da industria en España en comparación con Alemaña, con EE.UU. e co conxunto da UE4. Observamos que se se seguise a tendencia do período 1994-2001 o desenvolvemento industrial por habitante de España se tería achegado ao nivel do conxunto dos catro países da Unión Europea (UE4), o que presentaría moitas vantaxes tanto para a diminución da taxa de paro como para o incremento da renda real *per capita* e para a diminución do endebedamento do país.


O desequilibrio entre un crecemento moderado da produción industrial e un crecemento brusco da poboación en España durante o período 2000-2010 debeuse en gran parte á falsa crenza de que un crecemento brusco da poboación non sustentado no desenvolvemento industrial podería axudar a resolver o tema do pagamento das pensións de xubilación. A realidade mostrou que as políticas inmigratorias deben ser realistas e adaptadas á capacidade de desenvolvemento con base industrial, pois sen esa base as burbullas económicas conducen a situacións de paro e fracaso.

Gráfica 4.- Taxa de paro real e potencial de España en comparación coa UE4 (1993-2010)



NOTA: A taxa de paro potencial de España (Es*) é a que correspondería no caso de ter aplicado políticas económicas de converxencia real co conxunto da UE4 –Alemaña, Francia, Gran Bretaña e Italia–.

Gráfica 5.- VEB industrial *per capita* (1992-2010) (en miles de dólares a prezos e tipos de cambio do ano 2000)



A falta de impulso ao desenvolvemento industrial tivo consecuencias moi negativas para España, e debería de evitarse seguir esa senda no futuro, xa que conduce

a un déficit crecente da balanza comercial e ocasiona moitos problemas ao conxunto da economía.

Ademais, no período 2000-2010 produciuse un crecente grao de apertura da Unión Europea á importación de produtos industriais de bens de consumo, entre outros, procedentes de países en vías de desenvolvemento que compiten con vantaxe cos produtos europeos ao non ter que pagar nin impostos, nin salarios mínimos, nin cotizacións á Seguridade Social equiparables aos de España e da UE, e que en moitas ocasións non se ven compensadas con exportacións suficientes doutros produtos.

Para moitos cidadáns europeos esa política é incorrecta e supón unha desprotección non desexada do estado de benestar e un certo grao de competencia desleal para moitos sectores produtivos, como se sinala en Guisán (2011); Guisán, Aguayo e Expósito (2011) e noutros estudos. É desexable que as políticas económicas europea e española sexan capaces de lograr un equilibrio razoable entre a xusta protección dos seus produtores e cidadáns e o impulso do comercio e da cooperación internacional.

3.2. RELACIÓNS CAUSAIS ENTRE INDUSTRIA, SALDO DA BALANZA COMERCIAL E SECTORES NON INDUSTRIAIS

O positivo impacto da industria sobre o crecemento dos demais sectores produtivos foi recoñecido en varios estudos económicos, entre os que se atopan varias publicacións de Kaldor, analizados por Cardona, Zuluaga, Cano e Gómez Alvis (2004), Moreno (2008) e outros estudos. Tamén foi analizado en varios estudos econométricos, como os que se citan na bibliografía, que tiveron en conta o importante impacto positivo que a produción industrial ten sobre o desenvolvemento económico. Algúns estudos de interese neste sentido son os realizados por Preston (1975) –sobre o modelo industrial de Wharton–; por Guisán, Aguayo e Expósito (2001) –modelo de desenvolvemento mundial–; ou por Guisán (2005, 2006, 2007) –modelos macroeconométricos internacionais–.

A produción industrial non só ten un efecto positivo directo sobre o desenvolvemento, senón que en xeral tamén ten varios efectos positivos indirectos: 1) contribúe a incrementar as exportacións, o que aumenta a capacidade importadora de bens intermedios necesarios para impulsar a produción interior do propio sector industrial ou dos sectores non industriais; 2) reduce o déficit da balanza comercial e contribúe a diminuír o grao de endebedamento do país; e 3) aumenta a produtividade por traballador do propio sector industrial, así como o salario real medio e a produtividade media do traballo noutros sectores produtivos.

Alonso (2010) analiza varios aspectos importantes das causas e das consecuencias do déficit exterior de España. Consideramos este tema dunha grande importancia para analizar o futuro da economía española, pois é moi conveniente evitar que se volvan producir situacións dun grande endebedamento exterior como as experi-

mentadas no período 2003-2009, polas consecuencias negativas que ten para o desenvolvemento.

3.3. POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO VERSUS POLÍTICAS DE AXUSTE

Os intentos de axuste do período 2009-2010 para afrontar os problemas de endebedamento de España –e doutros países como Grecia e Portugal– móstranse insuficientes ao tratarse de países que dificilmente poden resolver os seus desequilibrios se non impulsan o seu desenvolvemento industrial.


Azariadis, Ioannides e Pissarides (2010) propugnan políticas de desenvolvemento fronte a políticas de axustes, e propoñen varias medidas tendentes a impulsar o desenvolvemento económico de Grecia.

No caso de España tamén consideramos importante darlles unha maior prioridade ás políticas de desenvolvemento que ás políticas de axuste, porque non será posible unha diminución duradeira e sostible dos desequilibrios sen un impulso ao desenvolvemento.

Ademais, algunhas políticas de axuste, como as que algúns grupos de poder propoñen para rebaixar os salarios en España, son infundadas e contraproducentes, xa que os seus efectos negativos sobre a economía española serán moito maiores que os seus supostos efectos positivos.

A gráfica 6 mostra a evolución do cociente salario/productividade en España, Alemaña e Estados Unidos. Observamos que en España o valor é máis baixo que en Alemaña e en EE.UU. e, polo tanto, unha baixada de salarios non faría máis que provocar maiores desaxustes e prexudicaría o desenvolvemento económico.

Gráfica 6.- Cociente salario/productividade media en España, en Alemaña e en EE.UU. (1970-2010)




NOTA: O salario é o custo salarial medio por asalariado e a produtividade media é a produtividade media do traballo.

FONTE: Elaboración propia a partir das estatísticas da OECD: *National Accounts* (2011).

4. PERSPECTIVAS DE POBOACIÓN, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DE ESPAÑA EN COMPARACIÓN COA UE4

A gráfica 7 mostra a evolución previsible da poboación de España no caso de que se adopten políticas de estabilidade no peso poboacional en comparación co conxunto da UE4. A escala da esquerda mide o peso poboacional de España, que era algo inferior ao 14% no ano 1965 e menor do 16% no ano 2000, cun aumento posterior e cunha tendencia, en caso de moderación demográfica, a estabilizarse en torno ao 18%. A escala da dereita mide a poboación de España en millóns, de forma que na dita hipótese no ano 2020 alcanzaría en torno a 48,2 millóns de habitantes, o que supoñería un 18% da poboación prevista de 267,7 millóns de habitantes no conxunto de Alemaña, Francia, Gran Bretaña e Italia.

Gráfica 7.- Poboación de España e cociente España/UE4: período 1965-2010 e perspectivas para 2011-2020



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da OECD e perspectivas de poboación de España e do conxunto da UE4 –Alemaña, Francia, Gran Bretaña e Italia–.

A gráfica 8 mostra na escala da dereita a evolución do emprego de España baixo dúas hipóteses para o período 2011-2020:


- H_1 : Incremento anual medio de 390.000 empregos no período 2011-2020.
- H_2 : Estancamento do emprego nos niveis do ano 2010.

A escala da esquerda mostra o incremento anual do emprego de España no período 1965-2010 e as perspectivas de crecemento medio no período 2011-2020 baixo a hipótese H_1 .

España precisa desenvolver políticas económicas de converxencia en taxa de emprego e desenvolvemento económico cos países máis avanzados da Unión Europea, co obxecto de reducir a taxa de paro e mellorar a calidade de vida dos cidadáns. Para isto é conveniente que exista un amplo consenso nos grupos de poder

político, económico e social para non reproducir as burbullas de desenvolvemento non sostible, e para emprender políticas económicas de desenvolvemento sostible baseadas no impulso á industria e noutras medidas relacionadas co capital humano e co capital social.

Gráfica 8.- Evolución do emprego en España no período 2011-2020 baixo as hipóteses H_1 e H_2



Isto non será posible se non escoitan a voz dos bos asesores económicos, que todas as institucións e grupos políticos teñen á súa disposición. Unha das causas de que o asesoramento económico eficiente non teña o mesmo impacto en España que noutros países máis avanzados débese en gran medida, posiblemente, aos sistemas de incentivos erróneos que se derivan da rixidez do sistema electoral, como se indica en Guisán (2009, 2011) e noutros estudos. É previsible –e na nosa opinión deseñable– que na década 2011-2020 se produzan avances neste sentido para deseñar políticas económicas eficientes, en relación coa taxa de emprego e coa renda real *per capita*, que teñan en conta a importancia das relacións económicas intersectoriais e que promovan un desenvolvemento industrial suficiente.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO, J.A. (2010): “Sector exterior: del déficit al ajuste. Algunas enseñanzas para tiempos de tribulación”, *Revista de Economía*, 3. (Consejo General de Colegios de Economistas). (<http://www2.economistas.org/r3/verArticulo.asp?id=28>).
- ARRANZ, M.; FREIRE, M.J.; GUISÁN, M.C. (2001): “Un análisis internacional de las relaciones de la educación, el crecimiento y el empleo. Referencia especial a América Latina”, *Investigación Económica*, LXI (235), pp. 45-64. México: UNAM.
- ARROUS, J. (1999): *Les théories de la croissance. La pensée économique contemporaine* (3). Paris: Seuil.
- AZARIADIS, C.; IOANNIDES, Y.; PISSARIDES, CH. (2010): *Development is the Only Solution. Seventeen Proposals for a New Development Strategy*. (<http://greekeconomistsforreform.com/>).

- BERNAT, G.A. (1996): "Does Manufacturing Matter? A Spatial Econometric View of Kaldor's Law", *Journal of Regional Science*, 36 (3), pp. 463-477.
- CARDONA, M.; ZULUAGA, F.; CANO C.A.; GÓMEZ ALVIS, C. (2004): *Diferencias y similitudes en las teorías del crecimiento económico*. Eumed. (<http://www.eumed.net/cursecon/libreria/2004/mca/Kaldor.htm>).
- CURRIE, L. (1981): "La teoría del crecimiento", *Cuadernos de Economía*, 18-19, pp. 189-205.
- FELIPE, J. (1998): "The Role of the Manufacturing Sector in Southeast Asian Development: A Test of Kaldor's First Law", *Journal of Post Keynesian Economics*, 20 (3), pp. 463-485.
- FINGLETON, B.; MCCOMBIE, J.S.L. (1998): "Increasing Returns and Economic Growth: Some Evidence for Manufacturing from the European Union Regions", *Oxford Economic Papers*, 50, pp. 89-105.
- FUJITA, M.; KRUGMAN, P.; VENABLES, A. (1999): *Economía espacial*. Barcelona: Ariel.
- GOMULKA, S. (1983): "Industrialization and the Rate of Growth: Eastern Europe 1955-75", *Journal of Post Keynesian Economics*, 5 (3), pp. 388-396.
- GUISÁN, M.C. (2004a): "Education, Research and Manufacturing in EU25: An Inter-Sectoral Econometric Model of 151 European Regions, 1995-2000", *Regional and Sectoral Economic Studies*, 4 (2), pp. 21-32. (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C. (2004b): *Modelos econométricos del empleo en España: análisis comparativo de especificaciones dinámicas e impacto de la industria manufacturera sobre el empleo no agrario, 1964-2003*. (Working Paper Series Economic Development, 77). (<http://ideas.repec.org/s/eea/ecodev.html>).
- GUISÁN, M.C. (2005a): *Employment, Wages and Immigration in the European Union: Econometric Models and Comparison with the USA, 1960-2003*. (Working Paper Series Economic Development, 83). (<http://ideas.repec.org/s/eea/ecodev.html>).
- GUISÁN, M.C. [ed.] (2005b): *Macro-Econometric Models: The Role of Demand and Supply*. Hyderabad, IN: ICFAI University Press.
- GUISÁN, M.C. (2006): "Industry, Foreign Trade and Development: Econometric Models of Europe and North America, 1965-2003", *International Journal of Applied Econometrics and Quantitative Studies*, 3 (1). (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C. (2007): "Industry, Foreign Trade and Development: Econometric Models of Africa, Asia and Latin America 1965-2003", *International Journal of Applied Econometrics and Quantitative Studies*, 4 (1). (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C. (2008): "Manufacturing and Economic Development: Inter-Sectoral Relationships in Europe, America, Africa and Asia-Pacific, 1999-2006", *Regional and Sectoral Economic Studies*, 8 (2), pp. 73-90. (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C. (2009): "Government Effectiveness, Education, Economic Development and Well-Being: Analysis of European Countries in Comparison with the United States and Canada, 2000-2007", *Applied Econometrics and International Development*, 9 (1), pp. 39-48. (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C. (2010): "Employment in Private and Public Services: A Comparative Analysis of Commercial, Business and Social Services in Spain, France, Italy, Germany, UK and USA", *Regional and Sectoral Economic Studies*, 10 (1). (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C. [ed.] (2011): *Empleo sectorial y participación social: Situación en Europa desde una perspectiva de género*. (Serie Estudios Económicos, 9). (<http://www.usc.es/economet/libros.htm>).

- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E. (2004): “Inversión industrial y empleo en las regiones españolas, 1976-1995”, *Regional and Sectoral Economic Studies*, 1 (2), pp. 69-88. (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E. (2005): “Employment, Development and Research Expenditure in the European Union: Analysis of Causality and Comparison with the United States, 1993-2003”, *International Journal of Applied Econometrics and Quantitative Studies*, 2 (2). (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E. (2006): “Employment by Sector in the European Union, the United States, Mexico and Canada, 1985-2005”, *Regional and Sectoral Economic Studies*, 6 (1), pp. 21-34. (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E. (2007a): “Production by Sector in the European Union: Analysis of France, Germany, Italy, Spain, Poland and the United Kingdom, 2000-2005”, *Regional and Sectoral Economic Studies*, 7 (1), pp. 33-46. (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E. (2007b): “Wages, Productivity and Human Capital In The European Union: Econometric Models And Comparison With The USA 1985-2005”, *Applied Econometrics and International Development*, 7 (1), pp. 43-56. (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E. (2011): “Women’s Equality, Quality of Life and Development in Europe, 2000-2007”, *Applied Econometrics and International Development*, 11 (1). (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E.; EXPÓSITO, P. (2001): “Economic growth and Cycles: Cross-Country Models of Education, Industry and Fertility and International Comparisons”, *Applied Econometrics and International Development*, 1 (1). (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E.; EXPÓSITO, P. (2011): *Temas de econometría aplicada: producción, empleo, salarios, comercio exterior, educación, sanidad, industria, turismo, calidad de vida e igualdad de género*. (Estudios Económicos, 10). (<http://www.usc.es/economet/libros.htm>).
- GUISÁN, M.C.; EXPÓSITO, P. (2011): “Regional Employment and Unemployment by Gender in Spain in comparison with other European Countries”, *Regional and Sectoral Economic Studies*, 11 (1). (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- KALDOR, N. (1963): “Capital Accumulation and Economic Growth”, en F.A. Lutz e D.C. Hague [ed.]: *Proceedings of a Conference Held by the International Economics Association*. London: Macmillan.
- KALDOR, N. (1975): “Economic Growth and the Verdoorn Law - A Comment on Mr. Rowthorn’s Article”, *The Economic Journal*, 85 (340), pp. 891-896.
- KALDOR, N. (1976): “Capitalismo y desarrollo industrial: algunas lecciones de la experiencia británica”, en C.F. Díaz, S. Teitel e V. Tockman [comp.]: *Política económica en centro y periferia*. México: Fondo de Cultura Económica.
- KALDOR, N. (1989a): “Causes of the Slow Rate of Economic Growth in the United Kingdom”, en F. Targetti e A.P. Thirlwall [comp.]: *The Essential Kaldor*. London: Duckworth.
- KALDOR, N. (1989b): “The Case for Regional Policies”, en F. Targetti e A.P. Thirlwall [comp.]: *The Essential Kaldor*. London: Duckworth.
- KALDOR, N. (1989c): “The Role of Increasing Returns, Technical Progress and Cumulative Causation in the Theory of International Trade and Economic Growth”, en F. Targetti e A.P. Thirlwall [comp.]: *The Essential Kaldor*. London, Duckworth.
- KLEIN, L.R. (1983): *The Economics of Supply and Demand*. Oxford: Blackwell.

- KUH, E. (1967): "A Productivity Theory of Wage Levels. An Alternative to the Phillips Curve", *The Review of Economic Studies*, 34 (4), pp. 333-360.
- KUH, E., SCHMALENSSEE, R.L. (1973): *An Introduction to Macroeconomics*. Amsterdam: North-Holland.
- KRUGMAN, P. (1999): *Development, Geography, and Economic Theory*. Cambridge: MIT Press.
- MCCOMBIE, J.S.L.; RIDDER, J.R. (1984): "The Verdoorn Law Controversy: Some New Empirical Evidence Using U.S. State Data", *Oxford Economics Papers* 36, pp. 268-284.
- MORENO RIVAS, A.M. (2008): "Las leyes del desarrollo económico endógeno de Kaldor: el caso colombiano", *Revista Económica Institucional*, 10 (18). (http://www.scielo.unal.edu.co/scielo.php?pid=S0124-59962008000100006&script=sci_arttext).
- MURPHY, K.; SHLEIFER, A.; VISHNY, R. (1989): "Industrialization and the Big Push", *Journal of Political Economy*, 97, pp. 1003-1026.
- MYRDAL, G. (1970): *Teoría económica y regiones subdesarrolladas*. México: Fondo de Cultura Económica.
- NEIRA, I.; GUISÁN, M.C. (2002): *Modelos econométricos de capital humano y crecimiento económico: efecto inversión y otros efectos indirectos*. (Working Paper Series Economic Development, 62). (<http://ideas.repec.org/s/eea/ecodev.html>).
- OECD (several years): *Labour Force Statistics*. Paris: OECD.
- OECD (2008): *National Account Statistics*. Paris: OECD.
- PEETERS, H.M.M.; DEN REIJER, A.H.J. (2008): "On Wage Formation, Wage Development and Flexibility: A Comparison Between European Countries and The United States", *Applied Econometrics and International Development*, 8 (1), pp. 59-74.
- PILICHOWSKI, E.; TURKISH, E. (2008): *Employment in Government in the Perspective of the Production Costs of Goods and Services in the Public Domain*. (OECD Working Papers on Public Governance).
- PRESTON, R.S. (1975): "The Wharton Long Term Model: Input-Output within the Context of a Macro Forecasting Model", *International Economic Review*, 16, pp. 3-19.
- PREBISCH, R. (1981): "La política comercial de los países insuficientemente desarrollados", en R. Prebisch [ed.]: *Obras escogidas*. Bogotá: Plaza y Janés.
- PULIDO, A. (2000): *Economía en acción*. Madrid: Fundación ICO/Pirámide.
- PULIDO, A.; LÓPEZ, A.M. (1999): *Predicción y simulación aplicada a la economía y gestión de empresas*. Madrid: Pirámide.
- ROMER, P. (1989): "Increasing Returns and Long-Run Growth", *Journal of Political Economy*, 94 (5), pp. 1002-1037.
- TARGETTI, F.; FOTI, A. (1997): "Growth and Productivity: A Model of Cumulative Growth and Catching Up", *Cambridge Journal of Economics*, 21, pp. 27-43.
- THIRLWALL, A.P. (1983): "A Plain Man's Guide To Kaldor's Growth Laws", *Journal of Post Keynesian Economics*, 5 (3), pp. 345-358.
- THIRLWALL, A.P. (1987): *Nicholas Kaldor*. New York, NY: New York University Press.
- THIRLWALL, A.P. (2003): *La naturaleza del crecimiento económico. Un marco alternativo para comprender el desempeño de las naciones*. México: Fondo de Cultura Económica.
- VERDOORN, P.J. (1949): "Factors that Determine the Growth of Labour Productivity", *Productivity Growth and Economic Performance. Essays on Verdoorn's Law*. New York, NY: Palgrave/MacMillan.
- VERDOORN, P.J. (1980): "Verdoorn's Law in Retrospect: A Comment", *The Economic Journal*, 90 (358), pp. 382-385.